

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026698	IES Espiñeira	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura Financeira	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A alfabetización financeira do alumnado faise necesaria nun contexto como o actual. É preciso adquirir uns coñecementos básicos no manexo das finanzas persoais e dos instrumentos financeiros que empregarán ao longo da vida. Calquera persoa precisa coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos, así como a linguaxe específica que é empregada diariamente por medios de comunicación.

Ao longo da súa vida, os alumnos e alumnas terán que enfrontarse a multitude de decisións económicas como consumidores, contribuíntes, traballadores, empresarios.... polo que a formación en economía facilitará tales decisións e fará que o alumnado se decante por unha opción ou outra, cargados de argumentos coherentes e concretos.

A inclusión da materia de Cultura Financeira no currículo de Educación Secundaria Obrigatoria responde á necesidade dunha mellora dos coñecementos, habilidades e comportamentos adecuados sobre as finanzas.

A materia divídese en catro bloques de contidos:

-Primeiro Bloque- Diñeiro e transaccións: o alumnado poderá coñecer as diferentes formas en que se presenta o diñeiro de curso legal, así como, saber cómo actuar en caso de atoparnos con diñeiro falso.

Analizarán o contido das facturas e os tickets de uso común e poderán identificar o contido dun recibo de salarios.

-Segundo Bloque- Planificación e orzamento: o alumnos e alumnas aprenderán a planificar un orzamento familiar, valorando o aforro como unha cuestión imprescindible para o futuro.

-Terceiro bloque- A xestión bancaria das finanzas persoais. Riscos e rendementos na xestión do diñeiro: analizaranse produtos bancarios básicos e valoraranse diferentes instrumentos de inversión coñecendo o risco de cada un deles.

-Cuarto Bloque- Educación para o consumo: o alumnado coñecerá a normativa de protección da persoa consumidora e os dereitos e obrigas que teñen os consumidores. Daráselle valor ao consumo sustentable e responsable.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as diferentes características do diñeiro, as formas de obtelo como ingreso e de intercambialo por bens e servizos, reflexionando sobre a contribución persoal e social do consumo ao benestar individual e colectivo.	2				3	3	1-2	
OBX2 - Elaborar plans financeiros sinxelos en contextos persoais ou familiares tendo en conta as consecuencias a curto, medio e longo prazo, valorando a importancia de xestionar de forma eficaz os ingresos e os gastos e as decisións de aforro, inversión e financiamento para dotarse de ferramentas e estratexias coas que lograr melloras no benestar financeiro.	1		1-4	1-2-3	1-5		1-2-3	4
OBX3 - Avaliar as vantaxes e as desvantaxes da asunción de riscos na toma de decisións financeiras comprendendo como mitígalos a través de estratexias de seguridade.	1-2-3	3		1-4	2		1-2-3	
OBX4 - Coñecer os dereitos e deberes asociados ao consumo e ao uso de produtos e servizos financeiros, así como os mecanismos de protección, de información e de asesoramento financeiro existentes para evitar estafas e fraudes, identificando patróns de consumo responsable.	2-3	3	5	1-3-4	4	1-2-3-4	2	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O diñeiro	<p>Ao longo desta unidade o alumnado deberá ser quen de identificar os diferentes tipos de diñeiro que se poden empregar actualmente diferenciando ademáis entre as formas que existen de pagamento físico e pagamento virtual. Aprenderán cómo distinguir o diñeiro falso do diñeiro auténtico.</p> <p>Por outra banda analizarán o concepto de inflación e as consecuencias que supón a perda de valor do diñeiro co tempo.</p> <p>Por último, valorarase a importancia de contribuír co Estado a través dos impostos e tributos co fin de garantir o Estado de Benestar.</p>	14	8	X		
2	As facturas. O recibo de salarios	<p>O alumnado aprenderá qué son as facturas e os tiquets e para qué sirven, así como o contido mínimo que deben presentar. Por último, falaremos de ingresos, brutos e netos para o cal será preciso que distinguan dun xeito básico os elementos de un recibo de salarios.</p>	15	17	X		
3	As finanzas persoais	<p>O alumnado coñecerá a necesidade de planificar as súas contas persoais e familiares mediante a elaboración dun orzamento. Valorarán a importancia do aforro e distinguirán entre aforro de emerxencia e de alta rendibilidade.</p>	15	17	X		
4	Os produtos financeiros	<p>Nesta unidade se explican os distintos tipos de produtos financeiros que existen e o seu funcionamento así como as súas vantaxes e desvantaxes para que o alumnado poida xestionar dun xeito consciente as súas finanzas.</p> <p>Por outra banda, analizaráanse as formas de roubos e estafas que existen, así como, os posibles fraudes e riscos que poden atopar na súa operativa diaria.</p>	14	15		X	
5	Risco, rendibilidade e endebedamento	<p>Nesta unidade preténdese que o alumnado sexa consciente do risco das operacións financeiras, comezando por identificar a relación existente entre o risco e a rendibilidade.</p> <p>Valoraranse as diferentes formas de endebedamento, así como os riscos de</p>	14	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Risco, rendibilidade e endebedamento	cada un deles.	14	14		X	
6	As decisións de consumo	Coñeceranse as consecuencias, tanto positivas coma negativas, que teñen as decisións de consumo no conxunto da sociedade.	14	17			X
7	O consumo sustentable	O alumnado será consciente de que as súas decisións de consumo poden verse influenciadas por factores externos como a publicidade. Ademais, o alumnado debe identificar as estafas e fraudes máis frecuentes no panorama financeiro e reaccionar adoptando medidas de seguridade e denunciándoas.	14	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O diñeiro	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Diferenciar as formas que pode adoptar o diñeiro de curso legal sabendo como identificar moedas e billetes auténticos e desenvolvendo a actitude adecuada ante o diñeiro falso.	-Identifica as diferentes formas nas que se pode presentar o diñeiro de curso legal - Coñece os medios dispoñibles para distinguir billetes falsos dos auténticos	TI	100
CA1.2 - Comprender a diferenza entre os distintos métodos de pago, sabendo utilízalos de forma segura.	-Distingue os medios de pago que existen e o seu uso		
CA1.3 - Considerar o valor global ou a utilidade dunha posible compra así como o seu prezo, comprendendo que o poder adquisitivo do diñeiro pode variar co tempo debido á inflación.	- Comprende o concepto da inflación - Valora as consecuencias da inflación na sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O diñeiro e as súas formas. Procedementos para diferenciar o diñeiro auténtico do diñeiro falso. - Os diferentes modos de pago nun entorno de compra física ou virtual. - Os prezos. O poder adquisitivo e a inflación. - A importancia das obrigas fiscais e sociais para o mantemento do estado de benestar.

UD	Título da UD	Duración
2	As facturas. O recibo de salarios	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Entender o contido dunha factura ou dun ticket de compra dentro dunha transacción comercial sinxela.	Elabora de forma manual e dixital facturas e tickets, resolvendo pequenos supostos prácticos	TI	100
CA1.5 - Comprender o significado das partes básicas dun recibo de salarios tipo.	Confecciona un recibo de salarios (manual e dixitalmente) resolvendo pequenos supostos prácticos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As facturas e os tickets de compra: contido básico e conservación como medio de proba de compra ou de garantía. - O recibo de salarios básico. - A diferenza entre ingresos netos e brutos.

UD	Título da UD	Duración
3	As finanzas persoais	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a elaboración de orzamentos de finanzas persoais como forma de resiliencia financeira.	Identifica a importancia de elaborar orzamentos de finanzas persoais	TI	100
CA2.2 - Elaborar orzamentos de finanzas persoais empregando diferentes técnicas e diferenciando os gastos fixos dos variables.	Elabora orzamentos de finanzas persoais (manual e dixitalmente) resolvendo pequenos supostos prácticos		
CA2.3 - Identificar diferentes formas de obter ingresos legais.	Distingue formas de obter ingresos legais.		
CA2.4 - Comprender a necesidade de priorizar os gastos para adecualos aos ingresos.	Analiza cómo priorizar os gastos e adecualos aos ingresos en distintos supostos prácticos.		
CA2.5 - Entender o aforro como un compoñente básico do orzamento persoal.	Determina o aforro necesario en determinados supostos prácticos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os orzamentos persoais. - Técnicas de elaboración de orzamentos manuais e dixitais. - O aforro como elemento esencial do orzamento para facer fronte a diferentes situacións. Aforros de emerxencia e de alta accesibilidade. - Formas de obtención de ingresos legais e criterios de priorización do gasto.

UD	Título da UD	Duración
4	Os produtos financeiros	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o funcionamento das prestacións dunha conta bancaria, especialmente unha conta bancaria de pago básica segundo a normativa europea.	Manexa o funcionamento dunha conta bancaria de pago básica resolvendo pequenos supostos prácticos	TI	100
CA3.2 - Analizar as vantaxes e inconvenientes doutros produtos bancarios para unha mellor xestión das finanzas persoais.	Diferencia produtos bancarios, e é quen, de distinguir vantaxes e desvantaxes de cada un deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os produtos bancarios básicos e dixitais. - Outros produtos financeiros de seguridade e investimento.

UD	Título da UD	Duración
5	Risco, rendibilidade e endebedamento	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Recoñecer posibles formas de roubos, estafas, fraudes en liña e riscos cibernéticos.	Identifica posibles roubos e estafas así como fraudes en liña e riscos cibernéticos. Busca exemplos de casos reais	TI	100
CA3.4 - Valorar as consecuencias de pedir diñeiro prestado na renda dispoñible futura e a importancia de avaliar o custo total do crédito e a probabilidade de poder reembolsalo anticipadamente.	Identifica o custo total dun préstamo. Distingue entre TIN e TAE dun préstamo. Resolve pequenos supostos prácticos sobre préstamos		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Ser consciente do endebedamento que pode derivarse dun descuberto ou do uso de créditos de fácil acceso a custo elevado.	Identifica o elevado custo dos descubertos e dos créditos de fácil acceso. Busca exemplos de casos reais		
CA3.6 - Comprender os riscos relacionados con certos produtos de investimento como os criptoactivos, aprendendo a cuestionar as ofertas de investimento sospeitosamente atractivas e tomando consciencia de que as emocións ou os nesgos cognitivos poden influír nas decisións de inversión de forma imprevista.	Identifica o risco elevado dos criptoactivos, así como a influencia das emocións nas decisións de inversión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferentes formas de estafa e fraude na xestión das finanzas persoais. - O risco e os custos do endebedamento. - Produtos financeiros de risco elevado.

UD	Título da UD	Duración
6	As decisións de consumo	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aplicar estratexias para manter seguros os datos persoais e a información financeira sendo consciente dos seus dereitos en materia de protección de datos.	Identifica os dereitos relativos á protección de datos persoais.	TI	100
CA4.2 - Coñecer os dereitos e obrigas ao adquirir un produto, servizo ou subscrición.	Coñece os dereitos e obrigas do consumidor.		
CA4.3 - Entender que o custo real dun ben ou servizo depende de diversos factores como custos de produción, incluída a man de obra, impostos, tipos de cambio ou custos de envío.	Entende o proceso productivo e os diferentes custos para valorar o prezo final dun produto ou servizo.		
CA4.5 - Ser consciente de que os bens ou servizos adquiridos poden ter diferentes repercusións medioambientais ou sociais en función da súa orixe, das súas condicións de produción ou da xestión que delas fai a empresa que os ofrece.	Distingue as externalidades positivas e negativas da produción, e polo tanto, do consumo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As estratexias de protección dos propios datos persoais. A ciberseguridade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos e as obrigas da consumidora ou o consumidor. - Factores que inflúen no custo dun ben ou servizo.

UD	Título da UD	Duración
7	O consumo sustentable	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Entender que ao comprar produtos ou servizos en liña, o prezo destes pode ser diferente dependendo, entre outras cousas, da web consultada, o historial de navegación, as condicións de envío aplicadas e o lugar desde onde se realiza a compra.	Simular compras para coñecer o impacto no prezo de determinados factores.	TI	100
CA4.6 - Valorar o mercado de segunda man como unha alternativa sostible fronte ás novas compras así como a reutilización, a reparación e a reciclaxe dos produtos usados.	Coñece alternativas ao mercado de novos produtos para mitigar o impacto negativo do consumo na sociedade		
CA4.7 - Analizar o proceso de compra tendo en conta que a existencia de factores que afectan ao desexo percibido pode levar a realizar compras impulsivas acentuando o exceso de gasto.	Describe factores que poden influír na nosa decisión de compra		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O etiquetado verde, de sustentabilidade e de consumo enerxético. - A economía social. O consumo ético e responsable. - A responsabilidade social corporativa. - O proceso de toma de decisión de compra: elementos e factores internos e externos a ter en conta. - A influencia dos distintos tipos de publicidade na decisión de compra. - A xestión das emocións ou dos nesgos cognitivos na toma de decisións de inversión.

4.1. Concrecións metodolóxicas

METODOLOXÍA:

Tentamos que o noso alumnado, sobre todo neste materia, realice unha aprendizaxe significativa que lle acompañe ao longo da vida e que lle permita madurar e crecer coma persoa.

A metodoloxía que empregaremos será:

1.- Activa e participativa, que facilite a iteración entre o profesor e o alumno favorecendo a súa implicación e participación activa mediante tarefas e proxectos que partan de contextos actuais e significativos adecuados ás

vivencias do alumnado, tentando que expresen ademáis a súa opinión e se convirtan nos protagonistas da súa propia aprendizaxe, desenvolvendo a súa capacidade de aprender a aprender.

2.- Motivadora: de xeito que o profesorado sexa quen de xerar curiosidade no alumnado. Para iso os contidos estarán conectados coa realidade e con casos prácticos que puideron vivir ou que poidan facelo ao longo da súa vida.

3.- Construtiva, favorecendo que o alumnado co método de traballar (traballo individual, pequeno grupo e gran grupo) sexa quen de construír as súas propia aprendizaxes.

Neste proceso de ensinanza- aprendizaxe teranse en conta os seguintes principios básicos:

- Partir do nivel competencial do alumnado e dos coñecementos previos para favorecer a construción de aprendizaxes novas e significativas
- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais
- Organizar os contidos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións. Tratando de forma globalizada e integrada os distintos contidos.
- Fomentar un clima de traballo que favoreza a cooperación, integración e respecto polos compañeiros/as
- Fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, intentando que o alumnado poida usar estes contidos na súa vida adulta.
- Facilitar o uso de estratexias que permitan traballar temas transversais como a competencia dixital, a comunicación audiovisual, a expresión oral e escrita, a comprensión lectora, a creatividade, o espírito crítico, ou o emprendemento a través dos traballos e actividades que se propoñen.
- Atención á diversidade, respecto polos diferentes ritmos de traballo atendendo ás dificultades atopas e poñendo en práctica mecanismos de reforzo no caso de ser necesarios.
- Planificación de traballos interdisciplinarios e colaborativos con outras materias como as linguas, a educación en valores cívicos e éticos, ou as matemáticas, que proporcionen novas oportunidades de aprendizaxe na reflexión e no cálculo de problemas de índole social e financeira.
- Empregar técnicas e instrumentos de autoavaliación, coavaliación, avaliación entre iguais que favoreza a aprendizaxe, dende unha perspectiva de reflexión que facilite que o alumnado empregue as súas fortalezas e traballe para mellorar as súas dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Apuntamentos proporcionados pola profesora
- Prensa diaria de ámbito local, rexional ou nacional, estudos de ámbito rexional ou comarcal, revistas especializadas, etc.
- Estatísticas, táboas e gráficos elaborados por diversos organismos.
- Presentacións a través de distintos programas informáticos
- Canón de proxección
- Encerado dixital
- Vídeos
- Internet.
- Aula virtual

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións do curso realizaráselle un cuestionario por escrito ao alumnado para coñecer o nivel de partida dos alumnos e alumnas.

O alumnado non cursou na súa etapa anterior a materia de economía pero é certo, que hai contidos que son coñecidos polo alumnado, xa que se trata de contidos que eles escoitan nos medios de comunicación ou nas súas familias.

O cuestionario será completado polo alumnado e logo comentarase en alto co fin de fomentar a participación e motivar. Con esta actividade poderemos facernos unha idea do nivel de coñecementos previos. Como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptaranse as medidas pertinentes de apoio, ampliación e reforzo para aqueles alumnos/as que o precisen, en colaboración co equipo docente e co Departamento de Orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	15	15	14	14	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota media de cada avaliación calcularase da seguinte maneira:

60% da cualificación. BOLETÍNS DE EXERCICIOS: media ponderada dos boletíns de exercicios que se lle entregarán a cada alumno ao finalizar cada unidade. Cada boletín cualificarase de 0 a 10

40% da cualificación. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: en cada avaliación o alumnado elaborará un traballo de investigación que logo deberá presentar. A nota deste traballo será calculada da seguinte maneira:

60% Contido do traballo

40% Exposición oral

Para superar a materia será necesario obter, como mínimo 5 puntos (media ponderada dos boletíns e traballo de investigación)

Para aplicar o redondeo, sempre que se superen os 5 puntos, usarase o seguinte criterio: aproximación ao enteiro superior cando a nota media sexa igual ou superior a 5 décimas.

A nota final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada trimestre, sendo necesario un mínimo de 5 para superar a materia. Aplicarase o redondeo explicado anteriormente.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que teña unha ou varias avaliacións suspensas debe realizar un Boletín de Exercicios de cada un dos trimestres suspensos e que a cualificación sexa como mínimo de 5 puntos.

O Boletín de Exercicios serán actividades prácticas e teóricas dos contidos de cada trimestre.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

6. Medidas de atención á diversidade

As referencias legais para atender á diversidade serán o Decreto 229/201, de 7 de decembro, e a Orde do 8 de setembro de 2021.

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias: Aquelas que faciliten a adecuación do currículo ao contexto do centro e ás características do alumnado, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación.

Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinada ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade			X			X	X
ET.9 - Igualdade de xénero					X	X	

Observacións:

Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, competencia dixital, o emprendemento, a creatividade, o espírito crítico, a educación en valores, a igualdade de xénero, entre outros traballaranse posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Empregaranse estratexias nas distintas unidades didácticas para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a creatividade, o espírito crítico ou o emprendemento, entre outros aspectos. Neste sentido, a proposta de proxectos ou traballos prácticos, tanto individuais como en equipo, será variada e baseada na resolución de problemas que incentiven o desenvolvemento das competencias, habilidades e actitudes necesarias para que o alumnado estableza unha contorna segura no manexo das súas finanzas e que lle permita a análise crítica dos problemas sociais actuais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a empresas da zona	Coñecer cómo funciona unha empresa e valorar o papel das empresas como xeradoras de riqueza e emprego	X	X	X
Charlas e encontros con emprendedores e emprendedoras	Coñecer o papel dos emprendedores e emprendedoras na economía	X	X	X
Participación en programa educativos	Traballar de forma máis práctica cos contidos	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cumpríuse a programación adecuándose ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Metolodoxía adecuada e motivadora para o alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitamento adecuado da aula de informática e da aula de referencia do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Detéctanse axeitadamente necesidades do alumnado
Deséñanse actividades de reforzo e ampliación axeitadas ás necesidades do alumnado
Clima de traballo na aula
A profesora propicia un clima de traballo respetuoso
A profesora fomenta a participación
A profesora propicia un clima de traballo que permite ao alumnado sentirse cómodo para preguntar
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A profesora participa nos programas ou proxectos de poidan xurdir ao longo do curso en cooperación con outros departamentos do centro
A profesora mantén relación directa coa familia

Descrición:

A orde do 22 de xaneiro de 2022 sobre a avaliación na ESO e no Bacharelato recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes". Polo súa parte, a Orde de 12 de xullo de 2011 polo que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas da formación profesional inical indica a necesidade de incluír na programación un apartado sobre o procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o pasado 07/09/2023 ratificou o mecanismo xa establecido para todo o instituto de realizar enquisas de avaliación de práctica docente que serán contestadas de xeito anónimo polo alumnado. Establécense 2 enquisas:

-Enquisa Preliminar de Novembro: o obxectivo desta enquisa é detectar posibles desviacións e problemáticas que non son manifestadas polos estudantes nas sesións por diversos motivos pero que si poden ser fácilmente detectables nunha enquisa anónima na que existe un maior ambiente de confianza. A temporalización desta enquisa, xa en novembro, ten a intención de que as desviacións poidan ser detectadas a tempo para a súa corrección no propio curso académico.

-Enquisa Preliminar de Maio: pode ser en abril ou marzo para 2º dos ciclos/FPB/ Bacharelato: A enquisa que terá unha forma similar á de novembro terá por obxectivo unha vez desenvolvida a práctica totalidade do curso, coñecer o

grado de satisfacción do alumnado e estudar a súa opinión sobre que aspectos positivos se deben potenciar e que aspectos negativos se deben corrixir, para que de cara ao deseño da programación didáctica do vindeiro curso facer os axustes necesarios para que o desenvolvemento da actividade docente sexa aínda máis eficiente.

A enquisa, que se poderá facer a través de medios telemáticos ou físicos, terá as seguintes preguntas (as preguntas expresadas a continuación, son unha mostra, non é obrigatorio utilizar as mesmas, senón que poden adaptarse ao que o docente considere en función do nivel ou etapa educativa):

- 1.- A profesora explica con claridade (Valora do 0 ao 10)
- 2.- Que tipo de soporte prefires para o desenvolvemento das clases?
 - a. Libro de texto
 - b. Apuntamentos
 - c. Ningún, e que cada un se faga os seus propios apuntamentos
- 3.- A metodoloxía para impartir a materia (explicacións, resolución de actividades, etc.) paréceme axeitado (valora do 0 ao 10)
- 4.- Paréceme que as clases están preparadas (valora do 0 ao 10)
- 5.- Paréceme que a profesora ten un bo trato co alumnado (valora do 0 ao 10)
- 6.- A profesora resolve as dúbida correctamente (valora do 0 ao 10)
- 7.- Existe un bo ambiente co resto dos compañeiros durante a materia (valora do 0 ao 10)
- 8.- En xeral, atópase satisfeito e cómodo co desenvolvemento da materia (valora do 0 ao 10)
- 9.- Indica os puntos fortes da materia e como se poderían potenciar máis (respostas aberta)
- 10.- Indica os puntos débiles dos materiais e propostas para a súa solución (resposta aberta)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comenzoar un curso elaborárase a programación da materia tendo en conta as propostas de mellora que se recollen na memoria do departamento o curso anterior.

Esta programación avalíase por parte da profesora que imparta a materia a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas.

Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

9. Outros apartados